



# BOP

MARTES, 10 DE OUTUBRO DE 2023

N.º 233

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### *Anuncio*

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 29 DE SETEMBRO DE 2023 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 15.09.2023 REFERENTE Á CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE ENCARGADO/A INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“Por acordo da Xunta de Goberno de data 15.09.2023 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 219, de data 22.09.2023), resólvese o procedemento selectivo para** cubrir, en propiedade, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Encargado/a Instalacións Deportivas, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal laboral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022, proponendo a contratación laboral fixa de **Don David Rego Cabanas**, para ocupar a praza número 3093, denominada Encargado/a Instalacións Deportivas, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 352, vinculado á citada praza.

Observando erro material no número do posto de traballo vinculado á praza número 3093 de Encargado/a Instalacións Deportivas, considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos” procedese a propoñer a súa corrección do seguinte xeito:

Onde dí : “(...)adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 352, vinculado á citada praza”.

Debe dicir: “(...)adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 1832 , vinculado á citada praza”.

Pazo Provincial, 3 de outubro de 2023.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3124

ABADÍN

*Anuncio*

Aprobación definitiva alteración de calificación xurídica de ben

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 aprobou inicialmente a desafectación do trazado do camiño de titularidade municipal con referencia catastral 27001A131090050000MY, sito no lugar de Arneiro, parroquia de Moncelos.

Con data 10.08.2023 sométese a información pública no BOP de Lugo nº 183 e na Sede Electrónica do Concello de Abadín desde o 10.08.2023 ata o 12.09.2023 por prazo de UN (1) mes, sen que se presentasen alegacións.

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o 29.09.2023 aprobou con carácter definitivo a desafectación do trazado do camiño de titularidade municipal con referencia catastral 27001A131090050000MY, sito no lugar de Arneiro, parroquia de Moncelos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Abadín, 4 de outubro de 2023.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3125

---

#### *Anuncio*

Aprobación definitiva alteración de calificación xurídica de ben

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 aprobou inicialmente a desafectación do trazado do camiño de titularidade municipal con referencia catastral 27001A131090040000MB, sito no lugar de As Cargas, parroquia de Moncelos.

Con data 10.08.2023 sométese a información pública no BOP de Lugo nº 183 e na Sede Electrónica do Concello de Abadín desde o 10.08.2023 ata o 12.09.2023 por prazo de UN (1) mes, sen que se presentasen alegacións.

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o 29.09.2023 aprobou con carácter definitivo a desafectación do trazado do camiño de titularidade municipal con referencia catastral 27001A131090040000MB, sito no lugar de As Cargas, parroquia de Moncelos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Abadín, 4 de outubro de 2023.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3126

---

#### *Anuncio*

Aprobación inicial expediente modificación de crédito 7/2023

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 7/2023 do orzamento 2023, na modalidade de crédito extraordinario, por importe de 28.000,00 € financiado con cargo ao remanente de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 4 de outubro de 2023.- O alcalde, José María López Rancaño.

R. 3127

---

#### *Anuncio*

Aprobación inicial expediente modificación de crédito 8/2023

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 29.09.2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 8/2023 do orzamento 2023, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 637.500,00 € financiado con cargo ao remanente de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 4 de outubro de 2023.- O alcalde, José María López Rancaño.

R. 3128

## BARREIROS

### Anuncio

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontrase exposto ó público na secretaría municipal e na sede electrónica do concello (<https://barreiros.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2023 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 2 de outubro de 2023.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 3 de outubro de 2023.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3129

## BECERREÁ

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 7 de setembro de 2023, adoptou o acordo de aprobación definitiva ao non presentarse reclamacións contra o expediente de modificación orzamentaria: suplemento de crédito/credito extraordinario MC 4/2023. Expediente núm.: 763/2023.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2023, queda fixado segundo se detalla.

	Consignación antes deste expediente en euros (partindo de previsión inicial).	Modificación 4/2023	Consignación tras modificación en euros
Capítulos			
1.-Gtos. Personal	1.207.037,52	0,00	1.207.037,52
2.-Gtos. Bens	1.744.772,91	225.457,06	1.970.229,97
4.-Transf. Ctes.	35.206,00	5.916,30	41.122,30
6.-Inversións reais	152.883,70	122.952,00	275.835,70
Totais	3.139.900,13	354.325,36	3.494.225,49

Becerreá, 3 de outubro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3130

## FOZ

### Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 31/2023. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE PARTIDAS DE DISTINTA ÁREA DE GASTO

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 02/10/2023, prestoulle aprobación inicial

a modificación de crédito 31/2023, na súa modalidade de transferencia de crédito de distinta área para aportación obra “TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE DISTINTA ÁREA DE GASTOS PARA APORTACIÓN MUNICIPAL SUBVENCIONS E ACTIVIDADES CULTURAIS E GASTOS SERVIZOS SOCIAIS FORA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES”

De acordo co establecido no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 4 de outubro de 2023.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3149

---

### *Anuncio*

#### **Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 30/2023, Modalidade “Suplemento de Crédito 2/2023”**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 02/10/2023, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 2/2023.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, contra o que poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Foz, 4 de outubro de 2023.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3150

---

### **SAMOS**

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 06/10/2023 acordou a aprobación inicial do expediente 13/2023 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 4 de outubro de 2023.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Jesús López López.

R. 3173

---

### **O SAVIÑAO**

#### *Anuncio*

#### **INFORMACION PÚBLICA**

Pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao REGULAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL O SAVIÑAO (Expte. 1238/2023).

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da lei 7/1985, LRBR, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. O expediente pode examinarse e estará a disposición de calquera interesado nas oficinas municipais, en horario de atención ao público, e na sede electrónica deste concello: <http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

Unha vez transcorrido o devandito prazo sen presentarse alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Saviñao, 3 de outubro de 2023.-O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3131

---

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de Modificación de Créditos, na modalidade de Suplemento de Crédito (Expediente 1204/2023), con cargo a novos e maiores ingresos efectivamente recaudados sobre os previstos no orzamento vixente por importe de 5.710,00 euros, destinado a financiar festas populares e festexos e outros gastos diversos. O expediente expónse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP de Lugo, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 3 de outubro de 2023.O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3132

---

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de Modificación de Créditos, na modalidade de Suplemento de Crédito (Expediente 1088/2023), con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 237.419,32 euros, destinado a atender diversos gastos segundo consta no expediente de referencia. O expediente expónse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP de Lugo, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 3 de outubro de 2023. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3133

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION ANEXO INVERSIONES DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2023 e TRANSFERENCIA CREDITO ENTRE DISTINTAS AREAS DE GASTO (Expte. 1159/2022).**

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviñao (Lugo), en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2023, a modificación do Anexo de Inversiones do orzamento municipal vixente e de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto, por importe de 2.000,00 euros, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O acordo inicial elevarase automáticamente a definitivo se durante o citado prazo non se presentan reclamacións ou suxerencias; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 3 de outubro de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3134

---